

Santalla de Moar – Frades, 1982

Informante: Sr. Cesáreo

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. /: [Esta] noite hei d'ir aló-e
esta noite hei d'ir aló-e
neniña, non teñas medo :/
/: ai! déixame a porta atrancada
ai! cunha palla, ai! de centeo :/

*A miña burriña
cando vai p' ao muiño
toda enfariñada
cheiña de frío.
Cheiña de frío,
chea de xiada,
i a miña burriña
sempre anda cargada.*



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

2. Esta noit' a maila outra
esta noit' a maila outra
a maila outra pasada
/: derrubei unha pereira, ai!
que nunca (te) foi derrubada :/

*A miña burriña
cando vai p' ao muiño
toda enfariñada
cheiña de frío.
Cheiña de frío,
a máis de xiada,
i a miña burriña
sempre anda cargada.*